

# VOCABULARIO O ANTIGO RÉXIME

Historia do Mundo  
Contemporâneo

DE QUE TERMO SE TRATA?

Agrupacións de artesáns de orixe medieval que controlaban en réxime de monopolio toda a produción artesanal de cada oficio: a cantidade de materia prima que debía comprarse, o número de artesáns e de obradoiros, as zonas de venda e ata o prezo final do produto

G

Sistema de traballo a domicilio que se desenvolveu a partir do século XVII e que consistía en que un investidor capitalista compraba as materias primas e repartíaas entre os fogares campesiños nos meses de descanso agrícola, para elaborar alí o produtos e ser recollido despois polo investidor para ser comercializado a prezo libre

D

Grandes fábricas patrocinadas polos Estados que se desenvolveron en Europa ao longo do século XVIII que se dedicaron fundamentalmente á fabricación de produtos de luxo, e que apenas aplicaron innovacións técnicas nin usaron máquinas

R

Centros de comercio local ou rexional nos que desenvolvía o comercio interior dos Estados do Antigo Réxime

M

Centros de comercio que comenzaron a tener importancia a partir de la segunda mitad del siglo XVII en los cuales se negociaba diariamente y se realizaban compras sobre muestras

L

Empresas patrocinadas polos Gobernos, que se xeneralizaron no século XVII, e que tiñan o monopolio do comercio coas zonas do mundo que dominaban os Estados da Idade Moderna

C

Divisións que se establecían entre os grupos da sociedade do Antigo Réxime e que se baseaban na existencia de determinados privilexios xurídicos

E

Grupo social de gran importancia no Antigo Réxime e que se caracterizaba por posuír unha serie de privilexios por nacemento e por posuír un gran número de propiedades

N

Nivel máis alto da nobreza, integrado polas grandes familias, as máis ricas e poderosas, ás que se reservaban os altos cargos da Administración e do Exército

**A**



Tipo de clero, que se rexía por unha regra, e que soía vivir en comunidades monásticas, entre os que estaban os monxes e as monxas, os abades e as abadesas, e outros membros das ordes monásticas e relixiosas

R

Sistema de goberno, que practicaron as monarquías absolutas do século XVIII, a través das cales os monarcas querían mostrar que eran conscientes de existía unha serie de problemas sociais e económicos por resolver, para o cal formularon unha política de reformas baseada nas ideas da Ilustración

D

Sistema político que se estableceu en territorios como as Provincias Unidas ou Inglaterra ao longo do século XVII, no cal as clases medias lograron participar no exercicio da política principalmente a través dos Parlamentos

P

Institución que obrigaba a transmitir todo o patrimonio ao fillo maior do señor, o que provocaba que as terras propiedade da nobreza fosen cada vez máis estensas e difíciles de administrar

M

Pensador francés do século XVIII que desenvolveu o concepto da separación de poderes na súa obra O espírito das leis, segundo a cal existían tres poderes principais, lexislativo, executivo e xudicial, e na que defendía a necesidade de evitar que estes poderes os acumulasen unha mesma persoa ou institución

M

Grupo social que constituía a maioría da poboación europea durante o Antigo Réxime e que, na maior parte dos casos, traballaban a terra propiedade da nobreza e do clero como arrendatarios

C

Pensador francés do século XVIII que espuxo o concepto da soberanía nacional na súa obra O contrato social, segundo o cal o poder corresponde á nación, é dicir, ao conxunto dos cidadáns, e non ao rei, e que os cidadáns establecen un pacto de Estado cos gobernantes que quede reflectido nun documento, a Constitución

R

Movimento filosófico, cultural e científico que se desenvolveu no século XVIII e que pretendia difundir unha nova forma de pensar e de ver a realidade, baseándose en ideas como o uso da razón e na liberdade como instrumentos de emancipación persoal e intelectual do ser humano



Grupo social característico do Antigo Réxime, que pertencía ao grupo dos non privilexiados, e que incluía a comerciantes, propietarios dos obradoiros e doutros negocios, rendistas, funcionarios, médicos, artistas, homes de letras e científicos

**B**

Pensador e filósofo inglés da segunda metade do século XVII, que exerceu unha gran influencia no pensamento político, social e relixioso da Ilustración europea, do que a súa obra é considerada como o fundamento do liberalismo político, e que nas súas teorías opinaba que os homes eran libres e iguais por natureza, pero para manter eses principios era preciso un dereito político baseado nun pacto



Publicación, dirixida polo matemático D'Alembert e polo filósofo Diderot, na que participaron os pensadores máis destacados da Ilustración francesa, que trataba de recopilar o coñecemento da época, e a través da que se defendía a tolerancia, a modernización da economía e o interese pola ciencia e pola técnica

E

Sistema de goberno característico do Antigo Réxime, segundo o cal os reis dirixían persoalmente o goberno, sen necesitar o consentimento de asembleas representativas, contaban con gobernos e institucións centralizadas, alleas aos poderes locais, e dispoñían dun exército permanente e dunha burocracia capaces de impoñer as decisións do monarca e de castigar calquera forma de disidencia

A

Parte das terras do clero, que non se podían vender nin mercar, ao estar baixo protección directa do rei, e que ás veces nin sequera eran explotadas

M

Grupo social que constituía a maioría da poboación europea durante o Antigo Réxime e que, na maior parte dos casos, traballaban a terra propiedade da nobreza e do clero como arrendatarios

C

Doutrina económica, característica do século XVII, que defendía, entre outros aspectos, o proteccionismo económico, é dicir, poñer trabas á importación de produtos estranxeiros, e a idea de que o Estado debía intervir nos distintos aspectos da economía

M

Estamento privilexiado, de gran importancia na época do Antigo Réxime, e que se dedicada principalmente a funcións relixiosas

C

Tipo de clero, que non se rexía por unha regra concreta e que non soía vivir en comunidades monásticas, que comprendía os sacerdotes e os membros da xerarquía eclesiástica

S

Pensador francés do século XVIII que defendía a razón ilustrada fronte ao fanatismo, á intolerancia, á ignorancia e á superstición relixiosa

V

Proceso mediante o cal os gobernos liberais trataron de privar da propiedade da terra a aqueles propietarios que non a explotaban de forma correcta

D

Doutrina económica que vai unida ás revolucións liberais dos séculos XVIII e XIX, que foi exposta por Adam Smith no súa obra *A riqueza das nacións*, e que defendía, entre outros aspectos, que as actividades produtivas debían rexerse polo principio de liberdade económica e que era contraria á intervención do Estado na economía



